

Declaración institucional contra a guerra no Oriente Próximo

Diante dos acontecementos que se están a desenvolver no Oriente Próximo na loita entre o exército de Israel e as forzas de Herbolá, na que se produciron a matanza de Qana, a morte de catro soldados observadores das Nacións Unidas e a permanente sucesión de vítimas civís inocentes, a Xunta de Goberno do Concello de Santiago de Compostela fai pública a presente Declaración Institucional na que manifesta que:

- ? Consideramos un atentado aos dereitos humanos, e polo tanto condenamos, as accións violentas do exército israelita no sur do Líbano, o que conleva un crecente desprestixio para o goberno democrático de Israel.

- ? Asemade, condenamos a ofensiva do exército israelita en Gaza, as accións terroristas que deron inicio ás hostilidades e solidarizámonos con Palestina demandando o cese da violencia nos territorios ocupados e o recoñecemento do dereito do pobo palestino a vivir en paz nun Estado independente.

Neste sentido, apoiamos e solicitamos o inmediato cese das hostilidades, a intervención das forzas das Nacións Unidas para establecer a paz na zona, e a mediación da Comunidade Europea para garantir a estabilidade nuns territorios tan próximos a nós, xeográfica, social, cultural e economicamente.

Santiago de Compostela, 1 de agosto de 2006